



ORDENANZA PREZO PÚBLICO Nº 36

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO USO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO CIRCUITO DE MOTOCROS DO CARRIO DO CONCELLO DE LALÍN

ARTIGO 1 °. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47, ambos inclusive, do citado R. D. L. 2/2004, establécense o Prezo público polo uso e prestación de servizos do Circuito de Motocros do Carrio do Concello de Lalín

ARTIGO 2 °.OBXECTO

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente fagan uso dos servizos do Circuito do Carrio do Concello de Lalín para a práctica do Motocross.

ARTIGO. 3 °.OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos prestados por este Concello, ás que se refire o artigo anterior.

O prezo público regulado nesta ordenanza devindícase e nace a obriga da pagar dende que se inicie a prestación do servizo, esixíndose o depósito previo do seu importe dacordo co previsto na lei de facendas locais.

ARTIGO. 4 °. TARIFAS

Establécense as seguintes tarifas do prezo público regulado nesta ordenanza, en función das modalidades de utilización dos servizos do Circuito de Motocros do Carrio:

- Abono anual: 100 €
- Entrada diaria: 10 €

O réxime de uso e utilización das instalacións do Circuito establécense no Regulamento de utilización das instalacións deportivas municipais.

ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN

1. A obriga de pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a realización da actividade sen ben esíxese o seu depósito previo dacordo co previsto na lei de facendas locais.



A estos efectos deberase practicar polo obrigado ao pago a declaración liquidación (autoliquidación) correspondente, ingresándose o importe do prezo público sempre antes de iniciar a actividade. O ingreso do prezo público farase na conta restrinxida que se sinala pola Tesourería municipal.

Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público, debendo achegarse xunto coa solicitude de utilización da instalación a demais documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa do citado circuito.

Non obstante, cando se trate de abonos, o pagamento do prezo público farase por adiantado no momento de formalizar o abono mediante a autoliquidación polo importe íntegro anual, sendo obrigatorio domiciliar o seu pagamento para as anualidades sucesivas. A declaración de baixa no servizo deberá formalizarse antes do día 25 do mes anterior ao do vencemento do abono anual, sendo a expedición do abono por anos.

Cando un recibo domiciliado sexa devolto pola entidade bancaria, pagarase en efectivo nas dependencias da Tesourería municipal, no seu caso. Os abonados que non estén ao corrente do pagamento das súas cotas, non poderán acceder á instalación, pasando a causar baixa automaticamente.

3. No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada, procederase á devolución do depósito constituído.

4. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de prema.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada con carácter definitivo polo Pleno do Concello, ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Aprobada por acordo de Pleno da Corporación do Concello de Lalín en sesión do día 30 de xuño de 2016 e publicada no BOP do 24 de agosto de 2016.